

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA CEIP AMOR RUIBAL Curso 19-20

ACTIVIDADES	GRUPO	DÍA	HORA	ESPACIO
<b>MULTIDEPORTE</b>	Infantil e 1º Primaria	Luns	16:00 a 17:00	Ximnasio
<b>CONSTRUCREA</b>	Primaria	Luns	17:00 a 18:00	Comedor
<b>PATINAXE</b>	Infantil	Mércores	16:00 a 17:00	Ximnasio
<b>PATINAXE</b>	Primaria	Mércores	17:00 a 18:00	Ximnasio
<b>ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN</b>	4º a 6º Primaria	Mércores	17:00 a 18:00	Aula
<b>ROBÓTICA LEGO</b>	1º a 3º Primaria	Mércores	16:00 a 17:00	Aula
<b>BALLET (predanza)</b>	Infantil y 1º Primaria	Xoves	16:00 a 17:00	Ximnasio
<b>BAILE MODERNO</b>	Primaria	Venres	16:00 a 17:00	Aula
<b>INFORMÁTICA</b>	4º A 6º Primaria	Venres	16:00 a 17:00	Aula

### BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

**MULTIDEPORTE:** Actividade física na que se pretende potenciar o pracer polos deportes a través dos xogos evitando a competitividade. Os deportes nos que se iniciarán son: atletismo, fútbol, balonmán, baloncesto e voleibol.

**CONSTRUCREA:** Obradoiro artístico que desenvolve a capacidade creativa e construtiva dos nenos/as. Traballarán coas súas propias mans para crear formas e figuras diversas, elementos decorativos, materiais de xogo, etc.

**PATINAXE:** O patinaxe é unha actividade recreativa e un deporte que axuda a desenvolver o equilibrio e a harmonía corporal a través de movementos e exercicios. O alumno/a aportará equipo (patíns, casco e proteccións).

**ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN:** Actividade enfocada na área de programación para nenos/as cunha metodoloxía lúdica, baseada en proxectos, utilizando ferramentas e plataformas como **Scratch**, abarcando tamén a área de electrónica con **Arduino** e robótica con **Legó** considerando a tecnoloxía como un medio mais que un fin en si mesmo.

**ROBÓTICA LEGO:** Actividade baseada na construción de robots sinxelos. Os/as participantes poderán construír diferentes modelos con sensores simples e aprenderán a facer que se movan.

**BALLET (predanza):** As clases de predanza teñen como obxectivo introducir aos máis pequenos no mundo da danza desde un enfoque lúdico e psicomotriz. Ademais de inculcar paulatinamente conceptos e movementos básicos da danza, as destrezas que se traballan son a flexibilidade, coordinación, atención e situación no espazo.

**BAILE MODERNO:** O baile é unha actividade artística que desenvolve a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e a comunicación humana; converténdose nun importante elemento socializador ao tempo que axuda a adquisición de hábitos saudables e a desenvolver a coordinación de movementos, así como a atención.

**INFORMÁTICA (paquete office, mecanografía):** ferramenta indispensable para comprender e desenvolverse nunha sociedade cada vez máis avanzada tecnoloxicamente. Compoñentes e periféricos dos ordenadores, seguridade e saúde fronte ao ordenador. Aprendizaxe do uso do rato e o teclado. Sistema operativo e as súas ferramentas. Internet (segundo a dispoñibilidade do centro). Protección contra os virus informáticos. Paquete Microsoft Office...

### INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O FUNCIONAMIENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

<b>Data de realización</b>	✓ Do 1 de outubro de 2019 ao 31 de maio de 2020
<b>Idades/niveis, grupo mínimo e máximo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ As idades e niveis dos grupos son susceptibles de modificacións nas primeiras semanas da actividade.</li> <li>✓ O grupo mínimo necesario para o inicio dunha actividade será de 8 alumnos/as e o máximo entre 15 e 20, dependendo da actividade.</li> </ul>
<b>Inscricións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ <b>Inscricións no mes de Setembro:</b> entregando folla de inscrición cuberta por correo electrónico a <a href="mailto:extraescolares@anias.es">extraescolares@anias.es</a> ou na caixa do correo da ANPA, ou persoalmente na oficina de Anias sita na rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra, ata o día 23 de setembro.</li> <li>✓ <b>Inscricións durante o curso escolar:</b> antes do día 20 do mes anterior ao inicio da actividade, polo mesmo sistema.</li> </ul>
<b>Cota e calendario</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ A cota mensual de cada actividade é a que se indica no calendario.</li> <li>✓ As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. As horas de extraescolares que coincidan con días festivos ou non lectivos, non serán recuperables e o importe da cota será fixo todos os meses do curso.</li> </ul>
<b>Baixa, cambio de actividade ou alta noutra actividade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sempre por escrito solicitando impreso ao monitor/a da actividade ou por e-mail a <a href="mailto:extraescolares@anias.es">extraescolares@anias.es</a>, antes do día 20 do mes anterior ao que se solicita.</li> <li>✓ Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente.</li> </ul>
<b>Forma de pago</b>	✓ Cobro mediante domiciliación bancaria durante a primeira quincena do mes en curso, a excepción do mes de outubro que se pasará o cobro na terceira semana
<b>Información</b>	<p>Oficina: R/ Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra.                      Horario de 9:30 a 14:00 - Teléfono: <b>986 864 598</b>                      Coordinación: <b>685 535 202 / 649 34 64 57 (tardes) (Cristina/Ana)</b></p>